



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

BANDO

CASAS NIDO

ALTERNATIVA ATENCIÓN NENOS DE 0-3 ANOS.

PROXECTO PILOTO.

Dende a Consellería de Política Social quere activar 30 casas nido que se instalen no rural, en concellos de menos de 5000 habitantes, sen gardería nin servizos de atención infantil, é un proxecto piloto que se quere implantar no rural, onde non hai outro servizo de atención os nenos menores de 3 anos. Este servizo en cada casa nido poderán ser atendidos como máximo 5 nenos de entre 3 meses aos 3 anos.

Unha casa nido consiste nunha alternativa á escolarización temperá moi estendida en varios países europeos interesante para aqueles país que deban separarse dos seus fillos por unas horas ó día e desexen durante ese tempo manter unha continuidade nun ambiente familiar. Unhas das principais características é a atención personalizada, debida en parte ás ratios reducidas, xa que non se supera o número de tres ou catro nenos por casa.

Cada casa nido atenderá a un máximo de 5 nenos, de forma flexible e con garantías de seguridade e calidade, dado que se lle esixirá unha formación específica e que se imporán requisitos e normas de seguridade coas vivendas.

Estes fogares ofrecerán unha atención integral e personalizada con carácter gratuito na modalidade de atención diúrna de luns a venres, e as familias poderán levar ós nenos un máximo de 8 horas diarias, nun horario que se pactará cos profesionais.

A atención prestada comprenderá a atención específica das necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso de acordo coa idade e contribución ó desenrolo físico, motor, afectivo, intelectual e social do menor.

Os pas/nais que están interesados nesta proposta poden chamar o Concello, e concertaríase unha reunión para dar mais información sobre este proxecto.

Lobios, 4 de Maio do 2016.

A Alcaldesa.